

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO
FACULTADE DE CIENCIAS
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
(20/5/2005)

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.

A Facultade de Ciencias é o Centro encargado da xestión e organización no Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela (USC) dos estudos conducentes á obtención dos títulos de Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Química Industrial; Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e Licenciado en Química, (orientación Química Agrícola). Tamén se impartirán na Facultade os programas de doutoramento e aqueloutros estudos de calquera nivel que se programen de acordo coa normativa vixente.

Artigo 2.

A Facultade de Ciencias rexerese polo presente Regulamento para o cumprimento das funcións que ten atribuídas pola L.O.U., a súa lexislación de desenvolvemento e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 3.

A súa xestión estará ordenada polo principio de prevalencia dos órganos colexiados sobre os unipersoais, do respecto ás minorías e da participación libre e igual de tódolos seus membros, na forma disposta no presente regulamento.

TÍTULO PRIMEIRO: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE

Capítulo I: “Dos órganos de goberno da Facultade de Ciencias”.

Artigo 4.

Son órganos de goberno da Facultade de Ciencias:

- a. A Xunta de Facultade.
- b. O Decano.
- c. O Vicedecano.
- d. O Secretario.

Capítulo II: “Da Xunta de Facultade”.

Artigo 5.

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do Centro, que aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos órganos de dirección e xestión.

Artigo 6.

A composición da Xunta de Facultade é a que determina o artigo 98 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, tendo en conta as porcentaxes fixadas por este regulamento para a representación do persoal docente e investigador a tempo parcial e do estudantado de primeiro e segundo ciclo:

- a. O decano, que a presidirá e convocará.
- b. O vicedecano.
- c. O secretario, que o será tamén da xunta.
- d. O seguinte persoal docente e investigador en formación e perfeccionamento con docencia no centro e censados nel, ou non censado, que teña neste un encargo docente igual ou superior a 9 créditos:
 - * Todo o persoal funcionario docente, que representará o 51%.
 - * O resto, que representará o 14% do total da xunta, do que un 5% corresponderá o persoal docente e investigador a tempo parcial.
- e. Unha representación do estudantado do 30%, da cal, o estudantado de primeiro e segundo ciclo representará o 25%.
- f. Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 5% do total da Xunta, cun mínimo de dous.

Tamén deberá ser convocado para a Xunta de Facultade ou Escola, con voz, pero sen voto, todo o persoal docente e investigador que imparta docencia no centro e non sexa membro dela, sempre que o solicite.

Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

Artigo 7.

A Xunta de Facultade desenvolverá as súas funcións en Pleno ou en Comisión.

Artigo 8.

O Pleno da Xunta de Facultade está formado por tódolos seus membros. Os seus debates estarán dirixidos por unha Mesa, integrada polo Decano, que a presidirá, o Vicedecano e o Secretario, que o será da Xunta.

Artigo 9.

Son competencias da Xunta de Facultade as indicadas no artigo 101 dos Estatutos da USC.

Artigo 10.

O Pleno da Xunta de Facultade reunirse con carácter ordinario e extraordinario. As reunións ordinarias terán lugar alomenos unha vez ó trimestre en período lectivo. As reunións con carácter extraordinario se farán por iniciativa do Decano ou alomenos dun cuarto dos membros da Xunta de Facultade. Producida a solicitude, a Xunta de Facultade deberá convocarse no prazo máis breve posible e sempre dentro dos dez días lectivos seguintes ó pedimento.

Artigo 11.

O Pleno entenderase constituído, estando presentes o Presidente e o Secretario, en primeira convocatoria cando concorran a maioría absoluta dos seus membros, e en segunda convocatoria (media hora despois) cando o número de membros presentes sexa alomenos do 25% do total.

Artigo 12.

Os acordos adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha determinada proposta, salvo o disposto expresamente neste Regulamento para determinados asuntos. As votacións poden ser por asentimento coa proposta do Decano ou da Mesa, públicas a man alzada, ou secretas cando o solicite alomenos tres membros da Xunta de Facultade. En ningún caso poderán admitirse votos de membros non presentes no momento da votación.

Capítulo III: "Do Decano, Vicedecano e Secretario".

Artigo 13.

O Decano representa á Facultade, exerce a súa dirección, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos. Será elixido pola Xunta, de entre os profesores doutores pertencentes ós corpos docentes universitarios censados no Centro, e será nomeado polo Reitor.

Artigo 14.

Son competencias do Decano as descritas no artigo 103 dos Estatutos da USC. En calquera caso, as competencias do Decano estenderanse a tódolos asuntos concernentes ó goberno e á administración da Facultade, de non seren atribuídas a outros órganos.

Artigo 15.

O Vicedecano será nomeado polo Reitor, a proposta do Decano, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos no artigo 72 dos Estatutos da USC. É labor do Vicedecano coordinar ou dirixir, baixo a autoridade do Decano, a área ou áreas de competencias que este lle asigne. O Vicedecano cesará no seu cargo por dimisión ou por decisión do Reitor, a proposta do Decano.

Artigo 16.

O Secretario da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de tódolos actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do Centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle delegue o Decano, a lexislación vixente e os estatutos da U.S.C.

O Secretario será nomeado polo Reitor, a proposta do Decano, de entre os profesores ou funcionarios dos grupos A ou B censados no centro e cesará por dimisión ou por decisión do Reitor, a proposta do Decano.

Capítulo IV: "Das Comisións Delegadas da Xunta de Facultade".

Artigo 17.

A Xunta de Facultade poderá crear Comisións para tódolos asuntos que considere pertinentes e cando proceda, suprimilas. A composición de cada comisión e as súas competencias estableceranse polo presente Regulamento ou ben polo Pleno da Xunta de Facultade.

Artigo 18.

No presente Regulamento establécense as seguintes Comisións:

- a) Comisión Académica.
- b) Comisión de Biblioteca.
- c) Comisión de Proxectos Fin de Carreira.

Artigo 19.

- 1.- A Comisión Académica estará formada por trece membros:
 - a) O Decano, que a presidirá e convocará.
 - b) O Vicedecano.
 - c) O Secretario, que o será tamén da mesma.
 - d) Unha representación dos sectores que integran a Xunta de Facultade de acordo coa seguinte distribución: 7 profesores/as garantindo no posible a representatividade do maior número de áreas de coñecemento con docencia nas diferentes titulacións da Facultade, 1 estudante de 1º e 2º ciclo, 1 estudante de 3º ciclo e 1 representante do PAS.

- 2.- A Comisión Académica estará formada polos membros da Xunta de Facultade elixidos ou propostos por cada sector, ou nomeados polo Decano en caso de non existir proposta. Cada representación na Comisión estará constituída por un membro titular e outro suplente, quen o substituirá cos mesmos dereitos e obrigas no caso de ausencia do primeiro. Os membros da Comisión renovaranse cada dous anos agás os estudantes que o farán anualmente despois de cada elección dos seus representantes na Xunta de Facultade.

- 3.- A Comisión Académica reunirse previa iniciativa do Decano, ou de alomenos un tercio dos seus membros. Considerarase validamente constituída, estando presentes o Presidente e o Secretario, cando concorran a maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria ou en segunda convocatoria, (media hora despois), cando o número de membros presentes sexa alomenos dun tercio do total da Comisión.

- 4.- A Comisión Académica terá as seguintes competencias:
 - a) Correspóndelle á Comisión Académica todo o relacionado co desenvolvemento da actividade docente do Centro.
 - b) Coñecerá e informará sobre calquera conflito que puidera xurdir no desenvolvemento da docencia.
 - c) Proporá e tramitará as validacións ou adaptacións de estudos de acordo co artigo 129 dos estatutos da USC.
 - d) Resolverá os asuntos ós que se refire o artigo 126.3 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela sobre a condición de dispensa.
 - e) Desempeñará calquera outra función relacionada coa docencia que sexa competencia do Pleno da Xunta de Facultade e que este delegue nela.

Artigo 20.

A Comisión de Biblioteca terá a composición e as funcións que veñen determinadas polo artigo 150.3 dos Estatutos da U.S.C..

Artigo 21.

- 1.- A Comisión de Proxectos Fin de Carreira estará formada por trece membros:
 - e) O Decano, que a presidirá e convocará.
 - f) O Vicedecano.
 - g) O Secretario, que o será tamén da mesma.
 - h) Unha representación dos sectores que integran a Xunta de Facultade de acordo coa seguinte distribución: 8 profesores/as garantindo no posible a representatividade do maior número de áreas de coñecemento con docencia nas diferentes titulacións da Facultade, 1 estudante de 1º ciclo e 1 estudante de 2º ciclo.

- 2.- A Comisión de Proxectos Fin de Carreira estará formada polos membros da Xunta de Facultade elixidos ou propostos por cada sector ou nomeados polo Decano en caso de non existir proposta. Cada representación na Comisión estará constituída por un membro titular e outro suplente, quen o substituirá cos mesmos dereitos e obrigas no caso de ausencia do primeiro. Os membros da Comisión renovaranse cada dous anos agás os estudantes que o farán anualmente despois de cada elección dos seus representantes na Xunta de Facultade.
- 3.- A comisión de Proxectos Fin de Carreira reunirse previa iniciativa do Decano, ou de alomenos un tercio dos seus membros. Considerarase validamente constituída, estando presentes o Presidente e o Secretario, cando concorran a maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria ou en segunda convocatoria, (media hora despois), cando o número de membros presentes sexa alomenos dun tercio do total da Comisión.
- 4.- Son funcións da Comisión de Proxectos Fin de Carreira a regulamentación e desenvolvemento de todos aqueles aspectos recollidos nas Normativas de Proxectos Fin de Carreira correspondentes as diversas titulacións que se imparten na Facultade.

TÍTULO SEGUNDO: DA ELECCIÓN E REVOGAMENTO DO DECANO

Artigo 22.

A elección e revogamento do Decano farase consorte o REGULAMENTO ELECTORAL XERAL DA U.S.C. aprobado polo Consello de Goberno e segundo dispón o artigo 73 dos estatutos da U.S.C.

TÍTULO TERCEIRO: DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 23.

A iniciativa para a reforma deste Regulamento será adoptada polo Decano a iniciativa propia ou tomando en consideración unha proposta asinada alomenos polo 20% dos membros da Xunta de Facultade.

Artigo 24.

As propostas de reforma do Regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas. Recibida a proposta, será sometida a votación para a súa toma en consideración no Pleno da Xunta. Se a proposta recibe os votos favorables de alomenos o 50% dos membros desta presentes, abrirase un prazo para a presentación de enmendas e a súa análise nunha Comisión específica designada pola Xunta e coa mesma representación que teñan os diversos sectores no Pleno.

Artigo 25.

Unha vez aprobado o texto pola correspondente Comisión, será elevado ó Pleno. Para que a reforma sexa adoptada será preciso que reciba o voto da maioría absoluta dos membros da Xunta. De non ser así, a proposta de reforma considerarase refugada, e non poderá proporse idéntica reforma ata transcorrido un prazo dun ano.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira:

O presente regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e das normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario.

Segunda:

Para o que non estea previsto no presente Regulamento nin nos Estatutos da Universidade, aplicarase o que dispón a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno da USC.

SECRETARIO XERAL
DIRECTOR



José María Rodríguez López
Santiago de Compostela

DILIXENCIA para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 18 de xullo de dous mil cinco, **acordou** ratifica-lo presente **“Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias”**, aprobado pola súa Xunta de Facultade o 20 de maio de 2005, coa indicación de que deberían introducir o xénero feminino na mención de órganos de goberno unipersoais. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Reitor.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2005

Vº e Pr
O REITOR



Senén Barro Ameneiro

O SECRETARIO XERAL



Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz